

## Listado definitivo de alumnos seleccionados para participar nunha mobilidade Erasmus de ciclos Medios e Básica,


### PROXECTO ERASMUS+ N.º 2020-1-ES01-KA102-079982

ALUMNADO	Nota	Ciclo
Antonio Alexandre Riera	10	Agroecolóxico
María Jesús Alonso	9,8	Agroecolóxico
Carlos Freire Collazo	7,1	Agroecolóxico
Pedro Vila Martínez	7,1	FPB
Martín Hermida	6,7	FPB
Pablo Zaragoza	6,3	FPB
Sandra Coello	5,9	Aceites de oliva e viños
India Vázquez-Garza	5,7	FPB
Carmen Regueira Fernández	5,5	FPB
Luis Fernández Mera	5,3	Xardinaría
Diego Soutullo	4,9	Xardinaría
Reservas		
Lucas Antunes Silva	4,7	FPB
Pablo Rodríguez	4,3	FPB

E para que así conste asínase o presente documento en

Ponteareas a 16 de outubro de 2022

A secretaria da comisión avaliadora



Asdó. Ana Castro Puga

## ANEXO I

**Criterios de selección de estudantes para a participación como beneficiarios dunha beca dentro do Consorcio de mobilidade do proxecto N.º 2020-1-ES01-KA102-079982 no marco do programa Erasmus+ da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.**

A selección farase en base ós seguintes criterios recollidos no artigo 4 da resolución da consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

**1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo. No caso do alumnado que teña cursado o segundo ano académico, terase en conta a nota media dos dous cursos.**

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

**2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).**

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.
- b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- d) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

**3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).**

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 2 puntos para poder ser seleccionado.

**4. Outros.**

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.